

# Plan estratégico 2024-2028

Resumo executivo

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061



XUNTA  
DE GALICIA

**XUNTA  
DE GALICIA**

**Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061**

**Edita: Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061**

**Lugar: A Estrada (Pontevedra)**

**Ano: 2023**

# Plan estratéxico 2024-2028

Resumo executivo

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061

# ÍNDICE DE CONTIDOS

<b>PRESENTACIÓN</b> .....	<b>6</b>	<b>3. Grupos de interese da FPUSG-061</b> .....	<b>44</b>
<b>1. Introducción e antecedentes</b> .....	<b>8</b>	<b>3.1. Mapa dos grupos de interese da FPUSG-061</b> .....	<b>45</b>
<b>1.1. Enfoque metodolóxico para a elaboración do plan</b> .....	<b>9</b>	<b>4. Análise DAFO</b> .....	<b>48</b>
<b>1.2. A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061</b> ..	<b>15</b>	<b>4.1. Análise DAFO</b> .....	<b>49</b>
<b>1.3. Resumo da estratexia anterior</b> .....	<b>20</b>	<b>4.2. Factores críticos do éxito</b> .....	<b>50</b>
<b>1.4. Marco estratéxico actual</b> .....	<b>22</b>	<b>5. Eixos e obxectivos estratéxicos 2024-2028</b> .....	<b>52</b>
<b>1.5. Análise do contexto das emerxencias sanitarias en Galicia</b> .....	<b>28</b>	<b>5.1. Mapa estratéxico</b> .....	<b>53</b>
<b>2. Misión, visión, propósito e valores</b> .....	<b>40</b>	<b>5.2. Matriz para aliñar o plan cos ODS</b> .....	<b>55</b>
		<b>6. Glosario</b> .....	<b>56</b>



## PRESENTACIÓN

Presentamos neste documento o novo Plan estratéxico da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 (FPUSG-061) para o período 2024-2028. No ano 2013 iníciase a elaboración do primeiro Plan estratéxico do 061, cun marco temporal desde 2014 ata o 2017. Continuando coas grandes liñas de traballo xa iniciadas, xestase o Plan estratéxico 2018-2021. Por tanto, este será o terceiro Plan estratéxico da FPUSG-061, que consolida e valida o proceso de xestión estratéxica da nosa organización.

Constitúese, desta forma, o marco de traballo para os próximos cinco anos, tendo como guía o propósito da FPUSG-061 *"Ofrecer unha resposta inmediata ás necesidades de asistencia sanitaria na contorna da urxencia e a emerxencia"* e como principal aliado un dos novos valores identificados, a humanidade, posto que as persoas son a nosa prioridade e a nosa razón de ser. Os nosos esforzos céntranse en satisfacer e servir tanto aos cidadáns, ofrecendo o mellor servizo, como ás persoas que traballan na FPUSG-061, ofrecendo un ambiente de traballo saudable e positivo.

Esta estratexia é froito dunha análise participativa e reflexiva que abarca o estudo do grao de desenvolvemento e os logros conseguidos no Plan estratéxico anterior, a revisión da contorna actual, as expectativas dos principais grupos de interese e a

análise das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO).

Este novo plan organízase ao redor de cinco grandes eixos estratéxicos: desenvolvemento de alianzas, excelencia na xestión, orientación ao paciente, posicionamento e visibilidade, e talento, organización e cultura. Estas liñas de traballo despréganse a través de dezasete obxectivos estratéxicos e os plans de acción relacionados, estes plans foron priorizados segundo a repercusión que teñen en alcanzar os obxectivos propostos.

Na elaboración deste novo plan participaron de forma transversal todas as áreas e niveis da FPUSG-061 e representantes dos seus grupos de interese, facilitando así a súa implicación nel.

Quero, desta forma, agradecer o traballo realizado por todas as persoas que participaron e colaboraron na súa elaboración e, por último, animarvos a que coñezades a Estratexia do 061 para os próximos cinco anos.

Adriana Regueira Pan  
Directora da Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061



SVB

061



URXENCIAS  
SANITARIAS

SALUTRANS

061



AMBULANCIA






# **1. Introducción e antecedentes**



## 1.1. Enfoque metodoloxico para a elaboración do plan

Este Plan estratéxico foi deseñado cun enfoque de traballo participativo, que integrou a visión tanto do persoal que traballa na FPUSG-061 como a dos seus grupos de interese:





#### Grupo de traballo interno que participou no deseño do plan

- Teresa Cartelle Pérez (Xefa de Servizo de Calidade e Relación co Usuario).
- Rosalía Codesido Mirás (Técnico de Xestión-Servizo de Calidade e Relación co Usuario).
- Rosa del Riego Santos (Directora de Xestión e Servizos Xenerais).
- Marta Dorribo Masid (Directora Asistencial).
- Óscar Estraviz Paz (Subdirector de Procesos Asistenciais da Área de Enfermería).
- Román Gómez Vázquez (Director de Coordinación).
- Xesús López Álvarez (Xefe de Servizo de Sistemas e Tecnoloxías da Información).
- Emilia Pérez Meiriño (Xefa de Servizo de Transporte Sanitario Urxente).
- Adriana Regueira Pan (Directora Xerente).

#### **Outras persoas da FPUSG-061 que participaron nas entrevistas a grupos internos de interese**

- Juan Antonio Castro Trillo. Médico asistencial. Base Lugo.
- Luisa Goday Berini. Enfermeira asistencial. Base Ferrol.
- Juan González Bernárdez. Enfermeiro de coordinación.
- Juan López Lázcano. Médico coordinador.
- Martín Mota Ceruelo. Responsable de Telecomunicacións.
- Inés Pérez Barreiro. Xefa de Servizo de Recursos Humanos e Relacións Laborais.

#### **Entidades entrevistadas representantes dos grupos de interese externos**

- SERGAS:
  - Subdirección Xeral de Atención Primaria.
  - Subdirección Xeral de Atención Hospitalaria.
- CIDADÁNS:
  - Federación Galega de Enfermidades raras e crónicas (FEGEREC).
  - Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
- CENTROS DE ATENCIÓN HOSPITALARIA:
  - Hospital Clínico Universitario de Santiago.
  - Hospital Público de Monforte.

## Entidades entrevistadas representantes dos grupos de interese externos

- OUTROS GRUPOS DE INTERESE DA CADEA DE INTERVENCIÓN:
  - Protección Civil de Ferrol.
- STARTUPS E EMPRESAS TECNOLÓXICAS:
  - Tucuvi Care.
  - Zebra.
  - Seinco.
  - 5TONIC.
- CENTRO INTEGRADO DE EMERXENCIAS 112 GALICIA:
  - Axencia Galega de Emerxencias.
- CLIENTES: COMPAÑÍAS ASEGURADORAS E MUTUAS:
  - Fremap Vigo, Mutua Colaboradora da Seguridade Social n.º 061.
  - Mutualidad de Previsión Social de Futbolistas de España.
- PROVEDORES CRÍTICOS
  - Servicios Auxiliares Sanitarios de Urgencia, S.L.
  - Ambulancias Sil, S.L.
  - Eliance Helicopter Global Services, S.L.
  - Fidelis Servicios Integrales.

### **Entidades entrevistadas representantes dos grupos de interese externos**

- TRABALLADORES DAS EMPRESAS DOS PROVEDORES CRÍTICOS:
  - ASGATE (Asociación Galega e TES).
  - TES Galicia.

### **SEM que participaron nas entrevistas**

- SEM do País Vasco.
- SEM de Andalucía.

## 1.2. A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, (en diante FPUSG-061), é unha fundación pública de interese galego, con entidade e con personalidade xurídica propia á cal lle corresponde a xestión da Central de Coordinación de Urgencias Médicas, cuxo réxime de funcionamento regúlase na Orde do 9 de outubro de 1995 (DOG núm. 199, de 17 de outubro de 1995). A súa creación xorde ante a necesidade de desenvolver unha estratexia de resposta ás urgencias sanitarias que se producen

fóra do ámbito hospitalario, sendo a encargada de xestionar e coordinar a asistencia e o transporte no medio prehospitalario en casos de urgencia e emerxencia, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade na asistencia sanitaria.

Desde o seu nacemento, a FPUSG-061 estivo centrada en dar o mellor servizo aos cidadáns, sendo conscientes de que o seu traballo diario ten unha gran repercusión na súa saúde.

### Fitos máis relevantes dos 4 anos de vixencia da estratexia anterior

2018	2019	2020	2021
<ul style="list-style-type: none"><li>• Traslado ao centro integrado de atención ás emerxencias.</li><li>• Centralización dos servizos de emerxencias nun único edificio.</li><li>• Selo Excelencia Europea 400+.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Ampliación de recursos da RTSUG-061 ata 12 AA -SVA-M, 4 AA-SVA-E, 107 AA-SVB e 2 ambulancias convencionais.</li><li>• Creación da Subdirección de Procesos Asistenciais da Área de Enfermería.</li><li>• Aumento de horas de operatividade dos recursos aéreos.</li><li>• Colaboración no Plan de Suicidio de Galicia.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Xestión da Pandemia pola COVID-19.</li><li>• Ampliación de recursos de persoal de enfermería.</li><li>• Implementación de melloras na CCUSG-061 para a automatización da toma de decisións.</li><li>• Redistribución de fluxos de chamadas na CCUSG-061.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Selo EFQM 500.</li><li>• Aumento de programas especiais: Alerta por hipoglucemia.</li><li>• Novo edificio para a base AM-750.</li></ul>

## Descrición dos servizos

<b>Servizos de atención telefónica de demandas de asistencia sanitaria ante problemas médicos urxentes.</b>	
<b>Tipo de servizo</b>	<b>Descrición</b>
S.1. Atención e clasificación das chamadas dos usuarios	As chamadas telefónicas dos usuarios son atendidas, axilizando ao máximo posible o tempo de espera, por persoal especializado na atención telefónica a urxencias ou emerxencias sanitarias. En primeiro lugar, un operador telefónico pregunta polo motivo da chamada e, posteriormente, polos datos de localización do suceso, recolle os datos de filiación (sempre que isto sexa posible) e clasifica a chamada seguindo un protocolo informático pechado. Unha vez catalogada a información obxecto da chamada, esta é avaliada, en todos os casos, polo persoal sanitario da CCUSG-061, o cal asigna as respostas máis adecuadas a cada demanda.
S.2. Atención e asesoría sanitaria mediante a consulta telefónica por persoal sanitario especializado	Ante situacións nas que a demanda de atención do problema médico ou emerxencia formulada á CCUSG-061 non requira asistencia sanitaria presencial, nin transporte sanitario, esta poderá ser resolta mediante atención telefónica de consultoría ou asesoría médica ou de enfermería polo persoal da CCUSG-061, ou ben mediante a derivación do caso ao centro sanitario adecuado sen necesidade de mobilizar máis recursos sanitarios.

<b>Servizos de asistencia e transporte sanitario mediante dispositivos da Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia (RTSUG-061).</b>	
<b>Tipo de servizo</b>	<b>Descrición</b>
S.3. Atención sanitaria presencial inicial e transporte sanitario en casos de urxencia ou emerxencia con ambulancias asistenciais	<p>As ambulancias asistenciais de SVB da RTSUG-061 son vehículos de asistencia e de transporte urxente capaces de prestar soporte vital básico e desfibrilación.</p> <p>A mobilización das ambulancias asistenciais de SVB iníciase tras a valoración e decisión do persoal sanitario da CCUSG-061.</p> <p>A CCUSG-061 realiza o seguemento e control necesario durante todo o servizo, facilitando consellos ou manobras a realizar durante o tempo que transcorre ata a chegada do recurso. Así mesmo, a asistencia e o</p>



## Servizos de asistencia e transporte sanitario mediante dispositivos da Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia (RTSUG-061).

Tipo de servizo	Descrición
de soporte vital básico da RTSUG-061	transporte é continuamente supervisado desde a CCUSG-061 polo persoal médico ou de enfermería, quen decide sobre as intervencións do persoal técnico e sobre a necesidade de traslado e as condicións deste.
S.4. Asistencia sanitaria presencial, soporte vital avanzado e transporte sanitario, terrestre e/ou aéreo, con ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado ou helicópteros medicalizados da RTSUG-061.	<p>As ambulancias asistenciais de SVA son dispositivos que proporcionan asistencia e transporte sanitario urxente fóra do ámbito do hospital, dotadas de persoal sanitario (médico/a e/ou enfermería) experto en emerxencias con capacidade para aplicar manobras de soporte vital avanzado e coidados especializados a pacientes críticos.</p> <p>Os helicópteros medicalizados son aeronaves cun equipamento que permite prestar asistencia médica in situ e transporte sanitario urxente a pacientes críticos, no menor tempo posible, con persoal especializado e cos elementos necesarios para a realización das manobras de soporte vital avanzado. O equipamento sanitario dos helicópteros é similar ao equipamento das unidades de SVA terrestres.</p>
S.5. Prestación de atención asistencial relacionada con programas específicos ou especiais de actuación sobre patoloxías sanitarias concretas.	<p>A FPUSG-061 tamén xestiona diversos programas asistenciais que implican establecer procedementos específicos de actuación ante determinadas patoloxías, ou ben, programas especiais, que permiten ter recollidos unha serie de datos clínicos sobre grupos de pacientes cunhas características específicas, coa finalidade de optimizar a súa atención. Os programas máis importantes son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Programa Alerta Corazón.</li> <li>• Programa de Desfibrilación Externa Semiautomática (DESA).</li> <li>• Programa Acougo.</li> <li>• Programa Alerta Escolar.</li> <li>• Programa Alerta/Código Anafilaxia.</li> </ul>

### Servizos de xestión, coordinación e asistencia sanitaria en incidentes de múltiples vítimas, catástrofes e eventos de concorrencia pública.

Tipo de servizo	Descrición
S.6. Xestión, coordinación e asistencia sanitaria en incidentes de múltiples vítimas e catástrofes (IMV).	<p>Este servizo consiste na xestión, coordinación telefónica e asistencia sanitaria presencial dos recursos da RTSUG-061, así como do material específico e doutros recursos asistenciais (ambulancias ou persoal sanitario de Atención Primaria) en sucesos como accidentes ou catástrofes que produzan múltiples feridos.</p> <p>Para a prestación deste servizo establécense procedementos específicos de actuación en situacións de emerxencia con múltiples vítimas e catástrofes, ou intervencións en caso de risco nuclear, radiolóxico, biolóxico e químico (NRBQ), de forma que se garanta a coordinación entre os membros dos distintos intervinientes na emerxencia, tanto sanitarios como non sanitarios.</p>
S.7. Xestión integral de dispositivos sanitarios de risco previsible (DSRP).	<p>O servizo consiste en prestar asistencia sanitaria presencial, mediante dispositivos sanitarios extraordinarios que tentan anticiparse a unha situación de risco para a saúde individual ou colectiva.</p> <p>Con motivo de acontecementos públicos, como congregacións multitudinarias, concentracións deportivas, visitas de personalidades, que son susceptibles de producir gran número de feridos, calquera entidade pública ou privada pode solicitar á FPUSG-061 unha serie de plans de intervención sanitaria.</p>

### Servizos de vixilancia epidemiolóxica, prevención da saúde pública e información sanitaria.

Tipo de servizo	Descrición
S.8. Servizo de información e divulgación á poboación en relación con situacións de crise de saúde pública.	En relación coa prevención e a saúde pública, a través dos números telefónicos 061 ou 902 400 116, a FPUSG-061 tamén xestiona o desenvolvemento de actividades divulgativas e un servizo de información en relación con situacións de crises sanitarias de ampla repercusión sobre a saúde pública (gripe aviaria, gripe A, afectadas por implantes de próteses mamarias PIP, vixilancia da gripe, onda de calor, COVID-19 etc.).

### Servizos de vixilancia epidemiolóxica, prevención da saúde pública e información sanitaria.

Tipo de servizo	Descrición
S.9. Atención de consultas sanitarias en liña a través da páxina web da FPUSG-061.	Trátase dun servizo de consulta médica telemática dispoñible a través da páxina web da FPUSG-061 ( <a href="https://061.sergas.es">https://061.sergas.es</a> ) e que só require que as persoas interesadas neste servizo rexistren na devandita web unha conta de correo electrónico onde poder recibir as respostas ás consultas de información que formulasen. Isto permite que os cidadáns poidan consultar aos profesionais sanitarios dúbidas de diversa índole.

### Servizos orientados a profesionais sanitarios.

Tipo de servizo	Descrición
S.10. Asesoría en materia de urxencias e emerxencias aos profesionais sanitarios.	Céntrase na atención telefónica e asesoramento aos profesionais sanitarios de Atención Primaria, colaborando nas decisións a tomar sobre a asistencia, tratamento e derivación dos pacientes críticos.
S.11. Formación e investigación en materia de coordinación, regulación médica e asistencia sanitaria urxente dirixida aos profesionais.	A través da xestión do Centro de Formación en Medicina de Urxencias, Emerxencias e Catástrofes de Galicia, a FPUSG-061 leva a cabo un proceso continuo de detección de necesidades, programación e desenvolvemento de actividades formativas internas, dirixidas a todo o persoal sanitario da FPUSG-061. Tamén colabora na formación externa dos profesionais sanitarios que sen formar parte da FPUSG-061 prestan atención urxente.

### 1.3. Resumo da estratexia anterior

O Plan estratéxico 2018-2021 da FPUSG-061, contemplaba os seguintes eixos e obxectivos estratéxicos:

<b>EIXO ESTRATÉXICO 1 . Satisfacción das necesidades da poboación</b>	<b>EIXO ESTRATÉXICO 3 . Compromiso coa excelencia na xestión</b>	<b>EIXO ESTRATÉXICO 5 . Xestión eficiente de alianzas e recursos</b>
<b>Obxectivos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• OE 1.1. Innovar e adaptar a carteira de servizos</li><li>• OE 1.2. Optimizar a adecuación da atención</li><li>• OE 1.3. Potenciar a accesibilidade</li></ul>	<b>Obxectivos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• OE 3.1. Avanzar na xestión por procesos</li><li>• OE 3.2. Orientación a resultados</li></ul>	<b>Obxectivos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• OE 5.1. Manter o equilibrio orzamentario</li><li>• OE 5.2. Manter autoxestión</li><li>• OE 5.3. Aliñar provedores coa estratexia</li></ul>
<b>EIXO ESTRATÉXICO 2 . Integración proactiva coa estratexia SERGAS</b>	<b>EIXO ESTRATÉXICO 4 . Visibilidade na sociedade</b>	<b>EIXO ESTRATÉXICO 6 . Xestión das persoas</b>
<b>Obxectivos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• OE 2.1. Liderar o desenvolvemento de procesos tempo-dependentes integrados</li><li>• OE 2.2. Coordinación con outros niveis asistenciais</li></ul>	<b>Obxectivos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• OE 4.1. Estratexia de comunicación externa</li><li>• OE 4.2. Incorporar a xestión dos GI Externos</li></ul>	<b>Obxectivos:</b> <ul style="list-style-type: none"><li>• OE 6.1. Manter un adecuado nivel de capacitación</li><li>• OE 6.2. Aliñación cos obxectivos da organización</li><li>• OE 6.3. Mellorar a comunicación interna</li></ul>

Este Plan estratéxico foi o marco que rexeu a actividade da FPUSG-061 durante os últimos catro anos. Unha vez finalizada

a súa vixencia, realizouse unha análise dos logros e resultados do mesmo.

Para avaliar o Plan estratéxico 2018-2021 e coñecer o grao de cumprimento dos obxectivos e liñas de acción planificadas, a FPUSG-061 baséase na análise de indicadores. En xeral, o grao de cumprimento dos obxectivos estratéxicos pódese cualificar como bo, fundamentalmente nos seguintes eixos:


- Compromiso coa excelencia na xestión.
- Xestión eficiente de alianzas e recursos.
- Satisfacción das necesidades sanitarias da poboación.

Realizouse un importante traballo no desenvolvemento dos seis eixos estratéxicos. Tendo en conta os resultados obtidos, neste novo Plan estratéxico débese poñer a énfase no traballo conxunto cos grupos de interese, así como na estratexia de comunicación externa.

Tamén será necesario desenvolver proxectos relevantes para mellorar a comunicación interna xa que, xunto coa comunicación externa, é unha das áreas estratéxicas na que menos se avanzou.

## 1.4. Marco estratéxico actual

Para elaborar o Plan estratéxico tívose en conta o seguinte marco de referencia.



### Axenda 2030 sobre o desenvolvemento sostible

A Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible, ou máis coñecida como os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), aprobouse en setembro de 2015 entre 193 países. Os 17 obxectivos contemplados, e a súas 169 metas correspondentes, perseguen a igualdade entre as persoas, protexer o planeta e asegurar a prosperidade.

Considerouse como marco estratéxico para o Plan estratéxico 2024-2028 os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) contemplados na Axenda 2030, e en particular, aqueles ODS para os que a misión, visión, propósito e valores da FPUSG-061, se atopan aliñados en maior medida.



### ODS 3. SAÚDE E BENESTAR

A saúde e o benestar humano constitúen un dos piares fundamentais para o desenvolvemento sostible. É por iso polo que o acceso á atención médica supón un dereito fundamental que necesita dunha xestión e unha calidade excepcional, que cumpra coas expectativas e necesidades dos cidadáns.

**A FPUSG-061 contribúe a este ODS desde a propia definición do seu propósito: *Ofrecer unha resposta inmediata ás necesidades de asistencia sanitaria no entorno da urxencia e a emerxencia.***

### ODS 4. EDUCACIÓN DE CALIDADE

A educación constitúe un dos elementos principais necesarios para o desenvolvemento dos individuos e a súa integración na sociedade. De feito, supón unha ferramenta necesaria para evitar, entre outros, o risco de pobreza e a exclusión social.

Dentro do ámbito sanitario a formación resulta un elemento clave, posto que os profesionais pertencentes a este campo atópanse continuamente adquirindo novos coñecementos e habilidades necesarios para desenvolver o seu labor.

**A FPUSG-061 desenvolve a súa actividade en completa consonancia con este obxectivo, os traballadores da FPUSG-061 atópanse nun período incesante de formación continua**

**que lles permite coñecer as novidades e avances sanitarios necesarios para desenvolver a súa actividade.**

### ODS 5. IGUALDADE DE XÉNERO

A igualdade de xénero resulta un obxectivo necesario non só no ámbito sanitario, senón no desenvolvemento de calquera tipo de actividade.

**A FPUSG-061 contribúe a este ODS xa desde a definición dos seus propios valores, con especial atención aos que fan referencia á accesibilidade, equidade e humanidade.**

### ODS 10. REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES

O ODS 10 promove reducir a desigualdade causada por motivos como o sexo, idade, discapacidade, raza, etnia ou relixión dentro de España e a contribución de España á redución da desigualdade entre países, para o que promove a adopción das políticas e a lexislación pertinente.

**A FPUSG-061 ofrece os seus servizos desde a equidade, o que implica, que atende calquera emerxencia producida no territorio galego, garantindo unha atención sanitaria igualitaria, xusta e comprometida.**

## ODS 13. ACCIÓN POLO CLIMA

O impacto medioambiental que provocan as entidades a través do desenvolvemento das súas actividades supón un dos problemas que máis preocupación provoca na actualidade. A emerxencia climática supón un dos problemas a abordar de maior urxencia e necesita da colaboración de todos os axentes que actúan na sociedade. É por iso que a concienciación e sensibilización en materia de sustentabilidade, constitúe un factor clave para alcanzar os obxectivos expostos no ODS 13.

**A FPUSG-061 realiza esforzos constantes pola utilización responsable de recursos como a auga, o papel e a electricidade. Unha das súas accións para destacar é a reutilización de material nos cursos de formación,**

A FPUSG-061 considera a Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible como marco estratéxico á hora de definir os obxectivos do novo plan 2024-2028.

**prolongando así a súa vida útil e diminuíndo a súa pegada de carbono.**

## ODS 17. ALIANZAS PARA ALCANZAR OS OBXECTIVOS

A colaboración entre entidades, organismos e administracións públicas supón unha ferramenta primordial á hora de alcanzar obxectivos, posto que permite compartir esforzos e recursos, ademais de establecer sinerxías.

**A FPUSG-061 realiza un labor de constante reflexión e mellora das expectativas dos seus grupos de interese, entre os que se inclúen as súas alianzas. Ademais, a colaboración é un dos seus valores de referencia.**



## Liñas Sanitarias da Estratexia da Xunta de Galicia

O Plan estratéxico da Xunta de Galicia inclúe de maneira específica liñas e obxectivos estratéxicos que dan resposta a retos sanitarios. En concreto, trátase de cinco obxectivos estratéxicos que dan resposta ás seguintes dimensións sanitarias:

### Dimensións que abordan as Liñas Sanitarias do Plan Estratéxico da Xunta de Galicia.



Atención integral da saúde e adaptación ás necesidades da poboación.

Promoción da saúde e prevención de enfermidades.

Tecnoloxías e innovación aplicadas á prevención, diagnóstico, tratamento e control da saúde.

Eficiencia financeira e xestión da saúde.

Infraestrutura e equipo.

As seguintes táboas inclúen as liñas de acción vinculadas a cada obxectivo:

#### **OE 1.4.1. Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación, aproveitar as tecnoloxías para impulsar a atención a domicilio e a teleasistencia que permitan prestar un mellor servizo asistencial a unha poboación moi avellentada e espallada no territorio.**

- Medidas eficientes de xestión dos recursos asistenciais e da atención urxente para dar resposta ás necesidades da cidadanía en tempo e forma.
- Mellorar os coñecementos de pacientes e cidadáns con respecto á súa saúde.
- Garantir a prestación de servizos no lugar e momento adecuados, cos niveis de calidade e seguridade comprometidos.
- Accións de integración sanitaria da saúde mental e trastornos aditivos e desenvolvemento da coordinación sociosanitaria.
- Orientar a estrutura de prestación de servizos cara ás necesidades dos pacientes e á mellora da atención á cronicidade. Significaría a definición de grupos de pacientes con necesidades similares e a adaptación dos diferentes servizos ás súas necesidades e, sobre todo, aos actuais servizos de urxencias.
- Mellorar a fiabilidade dos servizos que se prestan, reducir a variabilidade e mellorar a súa coordinación, con intervencións que incrementen a calidade asistencial e a seguridade do paciente.

#### **OE 1.4.2. Fomentar a promoción da saúde e a prevención de enfermidades e problemas de saúde**

- Manter os programas de vacinación xa consolidados.
- Manter o desenvolvemento dos programas de detección precoz xa consolidados.
- Aumentar a participación no programa de detección precoz de cancro colorrectal na poboación obxectivo (50 a 60 anos).
- Desenvolver o cribado poboacional de detección precoz de cancro de cervix nas mulleres de 35 a 65 anos.
- Ampliar as medidas para evitar ou diminuír o consumo de tabaco en Galicia.
- Promover medidas para a reducir o comportamento sedentario da poboación galega.

#### **OE 1.4.3. Desenvolver, manter e implantar tecnoloxías e sistemas de información innovadores para mellorar as labores de prevención, diagnose, tratamento, control e xestión na sanidade**

- Optimizar os sistemas de información para que faciliten a toma de decisión. Mellorar os cadros de mando dos distintos sistemas, os sistemas de avaliación e de codificación.
- Priorizar e asegurar a implantación das innovacións tecnolóxicas en desenvolvemento e que foron avaliadas positivamente despregando no sistema as innovacións tecnolóxicas con probado impacto na saúde da cidadanía.

#### **OE 1.4.4. Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados**

- Establecer novos modelos de asignación de recursos para mellorar a equidade de acceso aos servizos, e facer un reparto e asignación orzamentaria por necesidades asistenciais.
- Mellorar a eficiencia do sistema para garantir a súa sustentabilidade.
- Ser un pilar fundamental do desenvolvemento sostible de Galicia e establecer os sistemas de compra centralizada, de loxística avanzada, plans de aforro enerxético, e creación de emprego.
- Ser un referente na responsabilidade social corporativa de Galicia e implicar a todos os axentes sociais. A través da mellora do seu compromiso social, da saúde laboral dos seus traballadores, da cooperación internacional, da mellora da coordinación sociosanitaria, e establecer pactos políticos para acadar o consenso na medición de resultados e da xestión.
- Favorecer a comunicación cos profesionais, usuarios e sociedade. Facer un esforzo de comunicación para axilizar a relación cos medios de comunicación e outros colectivos, e aproveitar as vantaxes que nos ofrecen as redes sociais.

#### **OE 1.4.4. Aumentar a eficiencia financeira do sistema sanitario e mellorar a xestión do capital humano e a satisfacción dos profesionais, a través dunha xestión orientada a resultados**

- Reforzar a credibilidade dos xestores do sistema. Mellorar a dispoñibilidade e fiabilidade da información, aumentar a transparencia na xestión, mellorar a coherencia nas decisións, respectar as normas da organización e poñer en marcha sistemas abertos de avaliación e comparación de resultados.
- Fortalecer a responsabilidade e a capacidade dos directivos e mandos intermedios da organización, mellorar as súas competencias directivas cunha boa definición destas e establecer sistemas de avaliación de competencias.
- Coidar os bos profesionais desde que entran na organización, con iniciativas como a implantación dun sistema de acollida e coidado dos profesionais recentemente incorporados, a posta en marcha de sistema de avaliación da excelencia profesional, a inclusión de obxectivos de calidade e coherentes cos obxectivos da organización no Acordo de Xestión (ADX), a medición da produtividade e o rendemento individual, a mellora do coñecemento da propia organización e fomentando a ética profesional e o compromiso coa mellora do sistema.
- Potenciar a versatilidade-polivalencia dos profesionais do sistema acometendo un proceso de planificación e ordenación que permita dispoñer de profesionais suficientes e con formación axeitada para darlles unha resposta adecuada aos cambios que a organización precisa.
- Coordinación dun modelo integral de xestión da formación sanitaria especializada no Servizo Galego de Saúde.
- Implicar os profesionais no desenvolvemento e xestión da organización e darlles aos profesionais a oportunidade de aumentar a súa autonomía de xestión e mellora profesional.
- Promover un modelo integral de xestión da formación continuada dos profesionais que traballan no Sistema Público de Saúde de Galicia.


#### **OE 1.4.5. Modernizar e mellorar as infraestruturas e o equipamento sanitario de alta tecnoloxía e facer os nosos centros sanitarios enerxéticamente máis eficientes, promovendo a economía circular e o respecto ao medio ambiente**

- Adecuar as instalacións e o equipamento ás necesidades de usuarios e traballadores, coa mellora dos centros de traballo e mantemento das súas instalacións e equipos, e coa posta en marcha de novos centros asistenciais.

A FPUSG-061 terá en conta este marco á hora de deseñar o futuro plan, de maneira que os obxectivos e programas operativos estarán aliñados con estas estratexias.

## 1.5. Análise do contexto das emerxencias sanitarias en Galicia

Para caracterizar a contorna na que se desenvolve a actividade da FPUSG-061, analizáronse as seguintes dimensións da contorna.



## Contorna demográfica





Gráfico 1: Pirámide de poboación galega. 2022. (Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Nacional de Estatística)

A pirámide de poboación galega mostra un envellecemento progresivo da poboación. Isto vén determinado pola existencia dunha base estreita (escasos nacementos), e unha gran presenza de poboación adulta que a medida que pasen os anos, implicará un maior volume de poboación con necesidades asistenciais propias da terceira idade. *Estamos ante unha transición demográfica, na que se observa un envellecemento da*


*poboación secundario ao aumento da esperanza de vida e á diminución da natalidade, e unha transición epidemiolóxica, mediante a cal a carga de enfermidade na nosa poboación pasou de ter un patrón epidemiolóxico de enfermidades transmisibles a caracterizarse pola prevalencia maioritaria de enfermidades crónicas non transmisibles e multifactoriais. (Fonte: Estratexia de saúde pública 2022).*



*Gráfico 2: Evolución da poboación galega nos últimos 6 anos. (Fonte: elaboración propia a partir dos datos do Instituto Nacional de Estatística)*

Ao mesmo tempo, resulta clara a diminución da poboación galega, que experimentou un descenso na poboación de 36.702 persoas entre os anos 2015 e 2021. Isto vén condicionado,

principalmente, por factores demográficos como a escasa natalidade, que á súa vez vén determinada por cambios nos hábitos e estilos de vida da poboación.



*Gráfico 3: Elaboración propia. Evolución da poboación galega nos últimos 6 anos en función do xénero. (Fonte: Páxina web do Instituto Nacional de Estatística)*

Doutra banda, resulta rechamante que a diferenza entre o número de homes e mulleres se manteña constante co paso do

tempo, sendo significativamente superior o número de mulleres que de homes.

## Contorna sociopolítica

Os factores da contorna sociopolítica actual con maior impacto na actividade que realiza a FPUSG-061 son os seguintes:

- As melloras organizativas e funcionais que o sistema público de Atención Primaria está implantando actualmente para adaptarse aos cambios sociais e as expectativas da cidadanía. Este aspecto, ademais, viuse acentuado tras a emerxencia sanitaria provocada pola pandemia COVID-19.
- A crecente demanda, por parte da poboación, de acceso aos servizos asistenciais mediante canles dixitais de atención ao usuario.
- O rumbo co que algúns usuarios se aproximan aos servizos asistenciais debido á sobreinformación médica, probablemente derivada dun maior acceso a internet e as novas tecnoloxías da información.
- A preocupación crecente da sociedade en canto á orixe e utilización dos recursos sanitarios, con especial atención aos de procedencia pública.

## Contorna económica

Os aspectos de carácter económico con máis impacto na FPUSG-061 son os seguintes:

- Dificultades para atraer e reter talento sanitario coas actuais condicións sociolaborais do sector.
- Necesidade de realizar cada vez maiores esforzos en eficiencia e eficacia na prestación dun servizo asistencial de calidade.

## Contorna tecnolóxica

Produciuse un enorme crecemento de tecnoloxías con aplicación ao sector sanitario, que brindan a oportunidade de:

- Mellorar a xestión dos procesos de apoio á sanidade, a través de ferramentas como os RPAS (Remotly Piloted Aircraft Systems), a Intelixencia Artificial, o BigData e a Ciberseguridade.
- Servir de apoio aos procesos asistenciais por medio da telemedicina, robotización, experiencia paciente, (espazos, áreas privadas), realidade virtual e medical devices wearables, entre outros.
- Apoiar e mellorar os procesos relacionados coas persoas dentro das organizacións, prestando especial atención a tendencias como a organización líquida, Mindset dixital, benestar emocional, agile, flexwork, liderado e dixital workplace.



## Contorna lexislativa

### Normativa Estatal

- Real Decreto 22/2014, do 17 de xaneiro, polo que se modifica o Real Decreto 836/2012, do 25 de maio, relativo ao transporte sanitario, no que se establecen as características técnicas, o equipamento sanitario e a dotación de persoal dos vehículos destinados á realización de servizos de transporte sanitario por estrada.
- Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización.

### Normativa Autonómica

- Decreto 56/2014, de 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias.

- Decreto 38/2017, do 23 de marzo, polo que se regula a instalación e o uso de desfibriladores externos fóra do ámbito sanitario, e créase o seu rexistro. Establécense as condicións e requisitos para a instalación, uso e mantemento fóra do ámbito sanitario na utilización de desfibriladores externos automáticos e semi-automáticos.
- Lei 8/ 2021 , do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, cuxo obxecto é a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, o dereito constitucional á protección da saúde no marco das competencias que lle atribúe o Estatuto de autonomía, mediante a ordenación do Sistema de Saúde de Galicia, que comprende os sectores sanitarios público e privado, e a regulación do Sistema Público de Saúde de Galicia e dos dereitos e deberes sanitarios da cidadanía galega, así como dos instrumentos que garanten o seu cumprimento.

## Evolución da demanda asistencial urxente

Algúns dos indicadores da FPUSG-061 mostran que, a pesar do descenso paulatino da poboación galega en termos absolutos, o número de chamadas atendidas é cada vez maior. Isto débese,

en parte, á presenza dunha poboación cada vez máis envellecida, que require a mobilización de recursos debido a múltiples patoloxías, incluíndo algunhas de carácter crónico reagudizadas.




Gráfico 4. Elaboración propia. Número de chamadas totais recibidas. (Fonte: FPUSG-061).

O número de chamadas totais recibidas experimentou unha evolución crecente nos últimos anos, resultando clave a repunta experimentada no ano 2020 debido á emerxencia sanitaria

derivada da COVID-19. Outro dato que resulta rechamante é o do ano 2022, con case 1.200.000 chamadas atendidas.





Gráfico 5. Elaboración propia. Evolución dos procesos asistenciais. (Fonte: FPUSG-061).

A evolución dos procesos asistenciais segue unha traxectoria lineal salvo no ano 2020, consecuencia da emerxencia sanitaria derivada da COVID-19. Ese ano, o número de procesos

asistenciais aumentou, con todo, a mobilización e o emprego de recursos diminuíu debido á negativa da poboación ao traslado a centros sanitarios durante a pandemia.



*Gráfico 6. Elaboración propia. Número total de mobilizacións de recursos RTSUG-061. (Fonte: FPUSG-061)*

A evolución do número total de mobilizacións de recursos da FPUSG-061 sofre un marcado descenso durante os anos da pandemia 2020 e 2021, polo medo xeneralizado da poboación

para acudir a centros sanitarios. No ano 2022, prodúcese un incremento das mobilizacións dos recursos da RTSUG-061, paralelo ao incremento dos procesos asistenciais.

## Claves da análise da contorna

A seguinte imaxe inclúe un resumo dos aspectos máis relevantes que se derivan da análise da contorna:



### Resumo de elementos clave da contorna



#### Demográfico

- Envellecemento progresivo da poboación.
- Maior demanda de recursos para patoloxías asociadas ao envellecemento.

#### Sociopolítico

- Usuarios cada vez máis informados e preocupados pola orixe e uso dos recursos públicos demandantes de novos canles de acceso.

#### Tecnolóxico

- Desenvolvemento exponencial de novas tecnoloxías con aplicación ao sector asistencial.

#### Lexislativo

- Ámbito lexislativo estatal e autonómico que regula a actividade da FPUSG-061.

#### Económico

- Dificultades para reter e captar talento sanitario.





AMBULANCIA

061

SVB

URXENCIAS  
SANITARIAS

A-398

5970 LHM

## **2. Misión, visión, propósito e valores**




## Misión, visión e propósito

A partir dun proceso de reflexión estratéxico interno, definíronse a misión, a visión e o propósito da FPUSG-061, tres elementos que constitúen os piares básicos e o marco fundamental do novo plan.

- A misión, é aquilo que define ás organizacións para alcanzar o seu propósito nun determinado período de tempo.


- A visión é aspiracional, é aquilo que as organizacións pretenden ser respecto aos seus grupos de interese, ao seu contexto e a elas mesmas.
- O propósito, é a razón permanente de existir das organizacións.

A seguinte imaxe inclúe a misión, visión e valores da FPUSG-061:



## Valores

Segundo o mesmo proceso de reflexión estratéxica, definíronse os valores que rexen a actividade da FPUSG-061.





### **3. Grupos de interesse da FPUSG-061**

### 3.1. Mapa dos grupos de interese da FPUSG-061

A actividade da FPUSG-061 non se realiza de maneira illada, senón que ten lugar nun contexto de interrelación cunha serie de axentes e entidades aos que denominamos grupos de interese (GI).

O impacto e a influencia na actividade e a consecución dos obxectivos tanto da FPUSG-061 como dos GI é recíproco, de aí a importancia estratéxica de identificalos e de reflexionar sobre o modelo de relación que manteñen e o cumprimento mutuo das expectativas.

#### Grupos de interese da FPUSG-061



Dada a importancia estratéxica que ten a relación da FPUSG-061 cos seus grupos de interese, contouse coa participación directa dos mesmos a través de entrevistas destinadas a recoller a súa visión, expectativas e necesidades.

Toda a información recollida durante as mesmas foi considerada á hora de elaborar este Plan estratéxico.





EXIT

Exercícios unitários  
061  
ENFERMEIRO

AJUSTAR  
EL CINTURÓN  
RÁPIDAMENTE  
SEAT BELT

DO NOT USE  
SECURITY

## **4. Análise DAFO**




## 4.1. Análise DAFO

A partir das actividades de análise interna e da contorna, así como da revisión do marco estratéxico, realizouse unha análise DAFO, que é a ferramenta que permite identificar os factores facilitadores e as barreiras que influen (ou poden influír) no desenvolvemento da actividade da FPUSG-061, así como no cumprimento dos seus obxectivos.

A análise DAFO ten en conta tanto factores internos positivos (fortalezas) como negativos (debilidades), que permiten

identificar as capacidades e os recursos cos que conta a FPUSG-061. Doutra banda, esta análise ten en conta tanto factores externos positivos (oportunidades) como negativos (amezas) sobre os que a FPUSG-061 non ten control, pero que poden tanto beneficiala como prexudicala.

Ademais, esta análise DAFO foi utilizada como base para a proposta dos proxectos e iniciativas que forman parte do novo Plan estratéxico.




## 4.2. Factores críticos do éxito

A partir da análise interna, externo, da contorna e a análise DAFO realizados, chegouse á identificación dos factores críticos do éxito, é dicir, daqueles aspectos clave (ou imprescindibles) para que a FPUSG-061 logre alcanzar os seus obxectivos estratéxicos.

A seguinte imaxe inclúe unha categorización e descrición dos factores críticos do éxito da FPUSG-061.





## **5. Eixos e obxectivos estratéxicos 2024-2028**

## 5.1. Mapa estratéxico


A partir das actividades de análise descritas neste documento, deseñouse o novo Plan estratéxico, cuxa estrutura se articula nos seguintes eixos estratéxicos:



A FPUSG-061, partindo da súa misión, baseándose na análise e diagnóstico estratéxico e co fin de alcanzar a súa visión, estableceu entre outros os seguintes instrumentos:

- Eixos estratéxicos: grandes áreas ou liñas nas que se vai a centrar a estratexia, establecendo o rumbo de actuación da organización nos próximos anos.
- Obxectivos estratéxicos: ligados á visión, permitirán concretar a acción.

Os eixos estratéxicos aglutinan un total de 17 obxectivos estratéxicos:



## 5.2. Matriz para aliñar o plan cos ODS

Dada a relevancia que ten a Axenda 2030 sobre o Desenvolvemento Sostible como marco estratéxico, realizouse un exercicio de reflexión sobre o grao no que os obxectivos definidos no novo Plan estratéxico da FPUSG-061 están aliñados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Esta correspondencia reflíctese na seguinte matriz:

EIXO	OBXECTIVO	ODS 1. FIN DA POBREZA	ODS 2. FAME CERO	ODS 3. SAÚDE E BENESTAR	ODS 4. EDUCACIÓN DE CALIDADE	ODS 5. IGUALDADE DE XÉNERO	ODS 6. AUGA LIMPA E SANEAMENTO	ODS 7. ENERXÍA ALCANZABLE E NON CONTAMINANTE	ODS 8. TRABAJO DECENTE E CRECIMENTO ECONÓMICO	ODS 9. INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA	ODS 10. REDUCCIÓN DAS DESIGUALDADES	ODS 11. CIDADES E COMUNIDADES SOSTIBLES	ODS 12. PRODUCCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES	ODS 13. ACCIÓN POLO CLIMA	ODS 14. VIDA SUBMARINA	ODS 15. VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES	ODS 16. PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS	ODS 17. ALIANZAS PARA LOGRAR OBXECTIVOS		
1	DESENVOLVEMENTO DE ALIANZAS	1.1. Identificar necesidades e oportunidades de colaboración con distintos grupos de interese.		+															+	
		1.2. Desenvolver programas e proxectos conxuntos.																		+
2	EXCELENCIA NA XESTIÓN	2.1. Automatizar e dixitalizar procesos.								+										
		2.2. Deseñar procesos e procedementos.			+				+	+										
		2.3. Mellorar a xestión ambiental.						+						+	+					
		2.4. Mellorar a xestión de provedores críticos.			+					+										+
		2.5. Xestionar eficientemente os recursos.			+					+	+		+	+	+					
		2.6. Impulsar a transferencia interna de coñecemento.				+	+			+			+							
3	ORIENTACIÓN AO PACIENTE	3.1. Diversificar servizos.		+					+	+									+	
		3.2. Impulsar a excelencia asistencial.			+	+						+								
		3.3. Impulsar a transformación dixital do servizo.									+			+						
4	POSICIONAMENTO E VISIBILIDADE	4.1. Impulsar a comunicación externa.			+															
5	TALENTO, ORGANIZACIÓN E CULTURA	5.1. Promover a atracción e retención de talento.	+		+	+			+		+									
		5.2. Mellorar a formación e o desenvolvemento.	+		+	+			+		+									
		5.3. Desenvolver un estilo de liderado e toma de decisións participativa.			+	+	+					+	+							
		5.4. Redimensionar a estrutura.								+	+									
		5.5. Reorganizar o traballo.								+	+									

## 6. Glosario

<b>AA-SVA</b>	Ambulancia asistencial de soporte vital avanzado
<b>AA-SVA-E</b>	Ambulancia asistencial de soporte vital avanzado de enfermería
<b>AA-SVA-M</b>	Ambulancia asistencial de soporte vital avanzado medicalizada
<b>AA-SVB</b>	Ambulancia asistencial de soporte vital básico
<b>ARPAD</b>	Arquivo Electrónico Administrativo
<b>CCUSG-061</b>	Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias de Galicia-061
<b>CMI</b>	Cadro de mando integral
<b>COVID-19</b>	Coronavirus SARS-CoV-2
<b>DAFO</b>	Debilidades, amenazas, fortalezas e debilidades
<b>DESA</b>	Desfibrilador externo semiautomático
<b>DOG</b>	Diario Oficial de Galicia
<b>DSRP</b>	Dispositivo sanitario de risco previsible
<b>ECG</b>	Electrocardiograma
<b>EE</b>	Eixo estratéxico
<b>EFQM</b>	European Foundation for Quality Management
<b>FCE</b>	Factores críticos de éxito
<b>FPUSG-061</b>	Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061
<b>GI</b>	Grupo de interese
<b>IMV</b>	Incidente de múltiples víctimas



<b>INSIDE</b>	Infraestructura e Sistemas de Documentación Electrónica
<b>ODS</b>	Obxectivos de Desenvolvemento Sostible
<b>OE</b>	Obxectivo estratéxico
<b>PCR</b>	Parada cardiorrespiratoria
<b>RCP</b>	Reanimación cardiopulmonar
<b>RTSUG-061</b>	Rede de transporte sanitario urxente de Galicia-061
<b>SCACEST</b>	Síndrome Coronario Agudo con elevación ST
<b>SEM</b>	Servizos de emerxencias médicas
<b>Sergas</b>	Servicio Galego de Saúde
<b>SINASP</b>	Sistema de Notificación e Aprendizaxe para a Seguridade do Paciente
<b>SNS</b>	Sistema Nacional de Saúde
<b>SVA</b>	Soporte vital avanzado
<b>SVA-E</b>	Soporte vital avanzado de enfermería
<b>SVA-M</b>	Soporte vital avanzado medicalizado
<b>SVB</b>	Soporte vital básico
<b>TES</b>	Técnicos de emerxencias sanitarias
<b>TI</b>	Tecnoloxías da información
<b>USVA</b>	Unidade de soporte vital avanzado
<b>USVB</b>	Unidade de soporte vital básico

Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061	061
Plan	04 C

